

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Corrección de erros.-Resolución do 4 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena a publicación do texto do acordo suscrito polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais Comisións Obreiras (CC.OO.), Unión Xeral de Traballadores (UGT), Confederación Intersindical Galega (CIG) e Central Sindical Independente de Funcionarios (CSI-CSIF), representadas na mesa xeral de Negociación de Empregados Públicos, así como na Comisión de Repartición das axudas de Acción Social do ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 26 de novembro de 2009, sobre criterios de repartición do fondo de acción social da Xunta de Galicia para o exercicio do ano 2009.

Logo de advertir erro na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 6, do martes, 12 de xaneiro, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 390, punto 6. Distribución de créditos do punto I Normas xerais, onde di: «6.1 En aplicación do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2008», debe dicir: «6.1 En aplicación do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2009».